



Espazo de titorización personalizado de  
proxectos cinematográficos en desenvolvemento

## BASES 2018

### Descrición

INPUT é un espazo de titorización de proxectos cinematográficos en desenvolvemento que xurde da colaboración entre a Fundación Luís Seoane e o (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico, mediante o que 3 autoras/es terán acceso a 3 profesionais de prestixio internacional do ámbito do cinema e da arte, cos cales poderán discutir acerca dos seus proxectos, dende o estado de escritura e desenvolvemento até o de distribución.

### Obxectivo

A finalidade deste programa é apoiar proxectos audiovisuais de calidade, dando a oportunidade ás autoras/es de repensar o seu proceso creativo, mellorar a obra, localizar fontes de financiamento e lograr a distribución máis acaída das pezas.

### Requisitos

Ter nacionalidade española, ser maior de 18 anos e realizar un proxecto cinematográfico de xeito independente. Este pode ser unha película de autor, unha peza experimental, videoarte ou film performance. En resumo: unha obra de decidida e marcada vontade artística. Debido ao carácter internacional da actividade, recómendase que as participantes teñan coñecemento de inglés.

### Proceso de selección

Dende o 6 até o 27 de abril estará aberto o prazo de envío de proxectos, que será totalmente gratuito, para o que se debe enviar a seguinte documentación (en castelán e inglés) a [input@s8cinema.com](mailto:input@s8cinema.com)

- Sinopse: máx. 1 páxina.
- Descrición do proxecto: máx. 3 páxinas.
- Teaser (se ten): máx. 3 minutos.
- 2 fotogramas ou imaxes relacionadas co proxecto (se ten).
- Bio de la solicitante con link a su web (si tiene): máx. 1 página.
- 1 fotografía da solicitante.
- Email e teléfono de contacto

Unha vez revisados e valorados os proxectos, o coordinador de INPUT e as directoras da Fundación Seoane e do (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico, decidirán que tres proxectos son seleccionados para participar.

O día 28 de abril contactarase coas participantes seleccionadas para confirmar a súa asistencia, quen deberán responder antes do 1 de maio. En caso de non facelo, entenderase como renuncia e contactarase coas seguintes da lista de suplentes. O día 3 de maio publicaráse a lista definitiva de participantes.



Espazo de titorización personalizado de  
proxectos cinematográficos en desenvolvemento

### **Desenvolvemento da actividade**

INPUT terá lugar na Fundación Luís Seoane os días 31 de maio e 1 de xuño de 10:00h a 12:00h. A primeira xornada comezará coa benvinda das participantes por parte do coordinador de INPUT, a directora da Fundación Luís Seoane e os directores do (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico. A continuación, as participantes terán un encontro para coñecerse e poñer en común os seus proxectos. Acto seguido comezará a primeira rolda de titorías. Durante o resto do día, os participantes poderán asistir ás proxeccións e demais actividades da Mostra, así como traballar nos seus proxectos de cara á segunda titoría, que terá lugar a mañá seguinte.

### **Estancia**

Os participantes que non residan na cidade da Coruña disporán de aloxamento os 2 días que dura a actividade. Como axuda ao desprazamento, abonaránse ata 50€ ós que veñan dende Galicia (que non residan na Coruña) e ata 100€ ás que veñan do resto de España. As comidas do mediodía estarán incluídas para todas as participantes xunto co resto de asistentes do festival.

### **Obrigas das seleccionadas**

As participantes comprométese a facer constar nos títulos de inicio (no caso de filmes) ou na documentación descriptiva da obra (no caso de pezas experimentais, videoarte ou film performance), que o proxecto foi seleccionado en INPUT, incluíndo os logos que se lle facilitarán por parte da coordinación. Así mesmo, ceden os dereitos á Fundación Luís Seoane e ao (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico para realizar sendas proxeccións da obra, unha vez teña sido estreada en España e durante os 2 anos seguintes á súa estrea oficial.

Así mesmo, as participantes autorizan a INPUT a utilización da súa imaxe e dos seus proxectos para a difusión da actividade, así como a inclusión desta información no catálogo do (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico.

Enténdese que as participantes aceptan estas bases no momento no que realizan a súa inscrición.

### **Contacto**

Coordinador: Gonzalo E. Veloso

[input@s8cinema.com](mailto:input@s8cinema.com)